

DITAME 4/22
Sobre o anteproxecto da
Lei de artesanía de Galicia



Aprobado polo Pleno o 22 de decembro

Todos os documentos do CES poden atoparse en
www.ces-galicia.org



Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2022, coa asistencia dos/as membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Agustín Hernández Fernández de Rojas
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Miguel Malvido Cabirto Natividade López Gromaz Susana Méndez Rodríguez Héctor López de Castro
-----	--

CC.OO.	Maica Bouza Seoane Juan Martínez García Xesús Castro Baamonde
--------	---

UGT-Galicia.	Jose Carlos Rodríguez del Río Jose Luís Fernández Celis Trinidad Campos Rodríguez
--------------	---

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Manuel Maceira Blanco
-----	----------------------------



Jorge Cebreiros Arce
M^a del Mar Barreiro Mariño
José Antonio Neira Cortés
Laura Otero Rúa
Verónica Val Vázquez

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Jacobo Feijoo Lamas Alba Torreira Puga
SLG	Ramón Barreiro Carnota Ana Eiras Regueira
Confrarías	Jose Manuel Rosas Otero
Consumidores	Miguel López Crespo Rosa Celia Otero Raña
Economía social	Mar Pernas Márquez
Universidade da Coruña	América Álvarez Domínguez
Universidade Santiago C.	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	José María Martín Moreno

acordou emitir o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

Ditame sobre o anteproxecto de Lei de artesanía de Galicia



ANTECEDENTES

1.- En data 11 de novembro de 2022 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de **Lei de Artesanía de Galicia**.

Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre “Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, en data de **11** de novembro, á presidencia e aos membros da Comisión Sectorial número 1, Economía, emprego e sectores produtivos, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O anteproxecto a ditaminar ven acompañado da Memoria xustificativa e económica, do Informe xurídico , así como do informe de impacto de xénero e de impacto demográfico, entre outros documentos.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 15/22, de data 16 de decembro, acordou aprobar a proposta de ditame e remítilla á Presidencia do Consello para a súa tramitación.



Ditame 4/22 sobre o anteproxecto da lei de artesanía de Galicia (Consello económico e social de Galicia)

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 7/22 do 22 de decembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de ***Lei de Artesanía de Galicia.***



ESTRUTURA E CONTIDO.

Tal como sinala a exposición de motivos, dado o tempo transcorrido dende a aprobación da lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, xurde a necesidade de adecuar esta regulación á nova realidade do sector artesanal, nun marco xurídico axeitado que manteña e promova a súa importancia social, cultural, identitaria e económica e que incremente a súa profesionalización e competitividade, apostando por un sector forte e perdurable no tempo.

Este anteproxecto de lei estrutúrase en trece artigos agrupados en cinco capítulos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O Capítulo I: “*Disposicións xerais*”, artigos 1 a 3, establece o obxecto e fins da lei e o seu ámbito de aplicación e incorpora un artigo específico de conceptos que contribúen a unha maior comprensión do texto legal.

O Capítulo II: “*Ordenación e regulación do sector artesanal galego*”, integrado polos artigos 4 a 9, regula as distintas modalidades de actividades artesanais e a Relación de Actividades Artesanais. Así mesmo, regula os recoñecementos oficiais da condición de obradoiro artesán, mestra artesá e mestre artesán e asociación e federación artesanal. E, por último, inclúe o recoñecemento de puntos de especial interese artesanal.

O Capítulo III, dedicado á “*Marca Artesanía de Galicia*” consta dun único artigo (artigo 10).

O Capítulo IV, artigos 11 e 12, céntrase na “*Comisión Galega de Artesanía e Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia*”. Este Capítulo regula a Comisión



Galega de artesanía como un órgano consultivo da Administración autonómica e mantén o Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

O Capítulo V, baixo a rúbrica “*Fundación Pública Artesanía de Galicia*” consta dun único artigo (artigo 13).

Finalmente, o anteproxecto incorpora unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, que teñen por obxecto adecuar a situación preexistente á nova situación xurídica creada pola presente lei.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES estima necesaria a promoción e protección de toda a diversidade de expresións e riqueza dos produtos artesanais galegos que contribúen ao desenvolvemento local, a sustentabilidade, a economía circular e a preservar uns valores culturais.

Entendendo que estas actividades mudan e se adaptan aos tempos, o CES valora positivamente a actualización do marco normativo da artesanía de Galicia, dado o tempo transcorrido desde a aprobación da normativa vixente (Lei 1/1992, de 11 de marzo, de Artesanía de Galicia) e a necesidade de adecuar a regulación á nova realidade do sector artesanal, co ánimo de promover a súa relevancia social, cultural, identitaria e económica e incrementar a súa profesionalización e competitividade.

2.- O CES considera necesario aclarar os conceptos de persoa artesá e de obradoiro artesán, tendo en conta a necesidade de acreditar, por unha banda, unha antigüidade mínima no oficio e, por outra banda, cumprir determinados requisitos de experiencia (dous anos) para dar de alta un obradoiro por conta propia



CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Artigo 1.- Obxecto e fins

O CES estima que o obxecto definido no **artigo 1**, se dirixe á potenciación e profesionalización das actividades artesanais, non existindo ningunha referencia á vinculación da artesanía co patrimonio cultural que está presente nalgunhas actividades artesanais tradicionais de Galicia.

O CES considera que se debería de incluír no texto da lei unha referencia á posta en valor, protección e garda dese ámbito cultural vinculado a algunhas actividades artesanais.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

O CES considera que no **apartado 1** do **artigo 2** debería engadirse “*que desenvolven a súa actividade en Galicia*”.

Artigo 3.- Conceptos:

No **apartado 3** do **artigo 3**, na definición de Obradoiro artesán, debe cambiarse a referencia do artigo 7 polo artigo 6.

No **apartado 4** do **artigo 3**, na definición de Mestra artesá e mestre artesá, debe cambiarse a referencia do artigo 8 polo artigo 7.

No **apartado 5** do **artigo 3**, na definición de Asociacións e federacións artesanais, debe cambiarse a referencia do artigo 9 polo artigo 8



Artigo 7.- Recoñecemento oficial da condición de mestra artesá e mestre artesán: carta de mestra artesá e mestre artesán

O CES considera que o requisito de mais de 20 anos de experiencia en ambas modalidades de carta de mestra e mestre artesá profesional e divulgativo, parece excesivamente elevado e non entendemos que estea xustificado.

Artigo 11.- Comisión Galega de Artesanía

Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, O CES entende que a súa composición debería concretarse na Lei.

Disposición transitoria única.- Carta de mestra artesá e mestre artesán

Tendo en conta os requisitos e a convocatoria para adquirir a condición de mestra e mestre artesán, o CES entende que as cartas vixentes deberán manterse nun tempo en tanto se outorgan as novas. Así mesmo, aínda que cambian os requisitos para ter a consideración de mestra ou mestre artesáns, non parece un cambio tan drástico como para eliminar a listaxe previa e iniciar o proceso de rexistro de novo conforme aos novos criterios.

Disposición derradeira primeira.- Habilitación para o desenvolvemento regulamentario

Tendo en conta os escasos cambios no réxime legal e que xa están en vigor unha serie de disposicións que están adaptadas á normativa vixente, o prazo de un ano parece prudencial e suficiente para realizar as adaptacións normativas que procedan no desenvolvemento da nova lei.



Por outra banda a redución no prazo ven tamén xustificada dada a necesidade de dotar de seguridade xurídica á actividade das persoas artesáns, por canto mentres non se produza ese desenvolvemento manteñen a súa vixencia as disposicións xerais ditadas con anterioridade que non resulten incompatibles (disposición derogatoria única).

Por todo o anteriormente sinalado, o CES considera que o prazo de dous anos para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da Lei, é un prazo excesivamente amplo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Agustin Hernández Fernández de Rojas

Manuel Martínez Varela

